



# **Desenvolvemento dos estándares europeos de competencia na formación inicial dos profesionais da orientación educativa na Universidade de Santiago de Compostela**

## **European competence standards development in the initial training of educational guidance professionals at the University of Santiago de Compostela**

Miguel-Anxo Nogueira-Pérez\*, Cristina Ceinos-Sanz\*  
\* Universidade de Santiago de Compostela

### **Resumen**

O obxectivo deste estudo é analizar as competencias contempladas na formación inicial dos Orientadores/as Educativos/as da Universidade de Santiago de Compostela, coa intención de establecer a súa correspondencia cos Estándares Europeos de Competencia elaborados no marco dos Proxectos NICE I e II (Network for Innovation in Career Guidance & Counselling in Europe). Na investigación emprégase unha metodoloxía cualitativa, baseada na análise documental e na realización dun grupo de discusión con profesorado e alumnado. Os resultados indican que o deseño do Máster de formación de profesorado (Orientación) recolle os principais estándares europeos de competencia elaborados dende o NICE. Non obstante, o nivel de adquisición por parte do alumnado parece ser algo superficial, centrándose máis nos aspectos teóricos que nos prácticos.

*Palabras clave:* orientación educativa, formación de profesorado, estándares europeos de competencia en orientación.

### **Abstract**

The objective of this study is to analyze the competences included in the initial training of the Educational Counsellors at the University of Santiago de Compostela, with the main goal of establishing a correspondence between the European Competence Standards, which were elaborated in the framework of the NICE I and II Projects (Network for Innovation in Career Guidance & Counselling in Europe). A qualitative methodology was used in this research, based mainly on a documentary analysis and the development of a discussion group where students and teachers were undertaken. The results obtained highlight that the teacher training Master (Guidance) reflects the main European Competence Standards developed by NICE networking. Nevertheless, the students' acquisition level seems to be a little superficial, focusing on theoretical rather than practical topics.

*Keywords:* educational guidance, teacher training, European standards of competence in guidance.

### **Introducción**

Na actualidade, a formación de Orientadores e Orientadoras no marco educativo, social e laboral desempeña un papel relevante no escenario nacional e internacional (NICE, 2012). No contexto español, esta formación recae no Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria, Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas, na especialidade de Orientación Educativa, implantado no ano 2009 e modificado no ano 2012.

A preparación de Orientadores/as Educativos/as en base a competencias é a característica común dos diferentes programas universitarios nos diversos países da Unión Europea (Athanasou e Van Esbroeck, 2010), e estímase necesario un marco curricular de referencia común, constituído por competencias xerais e específicas en función dos roles profesionais desempeñados na práctica polo Orientador/a. Neste senso, esta é considerada unha liña de investigación emergente na que se debe afondar, e que pode ser de gran aproveitamento e impacto no contexto universitario e profesional español, transferible, a un tempo, coas necesarias adaptacións, ao escenario europeo e doutros contextos internacionais, sobre todo o latinoamericano, polas súas semellanzas culturais, sociais e educativas co marco analizado.

Neste senso, a *Network for Innovation in Career Guidance & Counselling in Europe* (NICE), por medio de dous Proxectos de Investigación (NICE I e II) nos que participou activamente o Grupo de Investigación, Diagnóstico e Orientación Educativa e Profesional (DIOEP) da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e desenvoltos no período que abrangueu do ano 2009 ao 2014, determinou unha serie de Estándares Europeos de Competencia (EEC) de referencia, organizados segundo tres roles que definen ao profesional da Orientación, xunto con tres grandes eixos competenciais, tal e como se recolle na Figura 1 (NICE, 2015).




Figura 1. Roles profesionais da Orientación e eixos de competencias NICE

No marco profesionalizante do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria, xunto aos contidos curriculares teóricos, debe ocupar un lugar destacado o Practicum e o Traballo Fin de Máster (TFM) desde unha perspectiva integrada que conteemple as achegas teóricas da Orientación, as contribucións investigadoras (Arulmani, Bakshi, Leong e Watts, 2014), así como as habilidades aplicadas a adquirir nas institucións educativas que realicen boas prácticas profesionais. Todo isto debe converxer nun incremento da calidade formativa dos programas de preparación de Orientadores/as, a avaliar e contrastar cos Estándares Europeos de Competencia.

Nesta liña, se desenvolve o presente estudo, cuxo principal obxectivo é analizar o deseño e desenvolvemento de competencias na formación inicial dos profesionais da Orientación Educativa na USC, e valorar a súa concordancia cos EEC formulados dende o Proxecto NICE (2012, 2015).

### Metodoloxía

A metodoloxía empregada é de carácter cualitativo (Denzin e Lincoln, 2011; Tojar, 2006), baseada na análise documental do programa formativo do Máster en Profesorado de Secundaria da USC en relación aos EEC derivados do Proxecto NICE, e na conformación dun grupos de discusión. A continuación, se detallan os pormenores de cada un dos procedementos seguidos.

#### A análise documental

A análise consistiu na revisión da Memoria do citado Título de Máster da USC, implantada a especialidade de Orientación Educativa dende o ano 2009 (modificada no 2012). Concretamente, tívose en conta o marco de competencias da titulación definido do seguinte xeito (Universidade de Santiago de Compostela, 2009, 2012):

- **CX:** Competencias Xerais.
- **CE-X:** Competencias Específicas asociadas ao módulo Xenerico.
- **CE-E:** Competencias Específicas asociadas ao módulo Específico.
- **CE-P:** Competencias Asociadas ao Practicum.
- **CT:** Competencias Transversais.
- **CE-M:** Competencias Específicas de Materias.

As anteriores competencias serían analizadas en función dunha selección dos EEC do Proxecto NICE máis vencellados aos roles relacionados coa Orientación Educativa, e que a continuación se detallan (NICE, 2015):

- **EEC-1:** Identificar sitios web, ferramentas de auto-avalíação e outras fontes que proporcionen información para o grupo obxectivo particular do orientado, respondendo os intereses explícitos, habilidades, competencias e necesidades que formularon.
- **EEC-2:** Informar sobre a calidade dos Servizos de Orientación (Departamentos, Equipos Orientadores, etc.), baseados nos criterios de calidade específicos e os estándares de Orientación e Asesoramento.
- **EEC-3:** Avaliar as necesidades de información dos orientados con respecto aos intereses e competencias, o ámbito profesional e as características dos sistemas educativos e laborais.
- **EEC-4:** Valorar os recursos especiais, intereses ou outras características relevantes (aspiracións, preferencias, valores, etc.), dunha persoa mediante enfoques axeitados de avaliación e gran validez e de modo colaborativo, para proporcionarlle información persoal relevante.
- **EEC-5:** Deseñar recomendacións para a resolución de conflitos relacionados coa Orientación baseada nunha avaliación precisa dos intereses dos sectores implicados.

#### O grupo de discusión

A selección dos participantes no grupo de discusión pretendeu conseguir unha mostra heteroxénea dos principais implicados no proceso formativo da titulación. A mostra estivo formada por dúas profesoras do Máster, dúas alumnas matriculadas no curso 2015-2016 neste título, un alumno egresado e un experto externo. O grupo quedou completado e configurado tal e como se reflicte na Táboa 1.

Táboa 1.

*Perfil e distribución dos participantes no grupo de discusión*

Perfil	Nº de componentes
Profesorado do Máster	2
Estudiantes e egresados	3
Orientadores en activo e tutores de prácticas do Máster	0
Moderadora	1
Observadores	2
Experto externo	1
<b>Paridade de xénero</b>	Homes
	Mulleres
<b>Total</b>	<b>9</b>

O desenvolvemento do grupo de discusión realizouse na Facultade de Ciencias da Educación segundo os procedementos específicos propostos por expertos (Callejo, 2001; Gutiérrez Brito, 2008; Suárez Ortega, 2005) en canto a planificación (tempo e espazo), composición do grupo, gravación da sesión, etc., elaborándose, posteriormente, o correspondente informe.

A técnica desenvolveuse nunha sesión de 90 minutos nunha aula seminario da Facultade e foi gravada en audio. O seu desenvolvemento transcorreu en tres momentos:

- 1)Presentación: centrouse na explicación de que era un grupo de discusión; identificación dos participantes, motivos para a súa elección e valor e importancia da súa contribución; formulación do tema e obxectivos; orientacións para a realización da tarefa; duración; sistemas de rexistro e agradecementos.
- 2)Discusión: realizouse a partir dunha guía previamente elaborada, que partiu dos temas máis xerais aos más específicos.
- 3)Peche: reiteráronse os agradecementos pola participación.

### Análise de resultados

#### Análise documental

Logo da realización da análise documental, extraéronse os seguintes resultados en relación á correspondencia de EEC do NICE e as competencias incluídas no programa formativo do Máster (Orientación Educativa):

**EEC-1:** Identificar sitios web, ferramentas de auto-avaliación e outras fontes que proporcionen información para o grupo obxectivo particular do orientado, respondendo aos intereses explícitos, habilidades, competencias e necesidades que formularon.

#### Competencias do Máster relacionadas coa EEC:

**CX15.** Informar e asesorar ás familias acerca do proceso de ensino e aprendizaxe e sobre a orientación persoal, académica e profesional dos seus fillos/as.

**CE-E6.** Coñecer, seleccionar, deseñar e aplicar estratexias e plans de información e orientación profesional para a transición ao mercado laboral e a empregabilidade.

**CE-E15.** Coñecer e utilizar algunas ferramentas dixitais básicas pola súa utilidade nas tarefas de orientación e tutoría e no desenvolvemento das funcións do orientador/a.

**CT1.** Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.

**CE-M17.** Coñecer as técnicas, recursos e instrumentos de intervención orientadora.

**EEC-2:** Informar sobre a calidad dos Servizos de Orientación (Departamentos, Equipos Orientadores, etc.), baseados nos criterios de calidad específicos e nos estándares de Orientación e Asesoramento.

#### Competencias do Máster relacionadas coa EEC:

**CX13.** Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidad con aplicación aos centros de ensino.

**CE-E28.** Asesorar nos procesos de avaliación da calidad e na elaboración dos plans de mellora.

**CE-P4.** Identificar posibles ámbitos de mellora da intervención realizada argumentando os fundamentos teóricos da proposta e como se avaliaría esta.

**CE-M16.** Identificar a organización e o funcionamento dos Servizos de Orientación Profesional no contexto educativo.

**EEC-3:** Avaliar as necesidades de información dos orientados con respecto aos intereses e competencias, o ámbito profesional e as características dos sistemas educativos e laborais.

#### Competencias do Máster relacionadas coa EEC:

**CX19.** Coñecer as características psicopedagógicas dos alumnos/as para poder avalialos e emitir os informes que se requiran.

**CE-E5.** Orientar ao alumnado no seu coñecemento persoal, na progresiva definición e axuste dun proxecto de vida, e na adopción de decisións académicas e profesionais, de maneira que todo iso facilite a súa inserción laboral.

**CE-E12.** Coñecer e valorar as técnicas de diagnóstico psicopedagógico.

**CE-P3.** Planificar, desenvolver ou avaliar un plan de intervención no ámbito da orientación educativa e o asesoramento psicopedagógico.

**CE-M17.** Coñecer as técnicas, recursos e instrumentos de intervención orientadora.

**EEC-4:** Valorar os recursos especiais, intereses ou outras características relevantes (aspiracións, preferencias, valores, etc.), dunha persoa mediante enfoques axeitados de avaliación e gran validez e de modo colaborativo, para proporcionarlle información persoal relevante.

#### Competencias do Máster relacionadas coa EEC:

**CX11.** Desenvolver as funcións de tutoría e orientación dos estudiantes de maneira colexiada.

**CX19.** Coñecer as características psicopedagógicas dos alumnos/as para poder avalialos e emitir os informes que se requiran.

**CE-E6.** Coñecer, seleccionar, deseñar e aplicar estratexias e plans de información e orientación

profesional para a transición ao mercado laboral e a empregabilidade.

**CE-P3.** Planificar, desenvolver ou avaliar un plan de intervención no ámbito da orientación educativa e o asesoramento psicopedagóxico.

**CE-M17.** Coñecer as técnicas, recursos e instrumentos de intervención orientadora.

**EEC-5:** *Deseñar recomendacións para a resolución de conflitos relacionados coa Orientación baseada nunha avaliación precisa dos intereses dos sectores implicados.*

#### **Competencias do Máster relacionadas coa EEC:**

**CX15.** Informar e asesorar ás familias acerca do proceso de ensino e aprendizaxe e sobre a orientación persoal, académica e profesional dos seus fillos/as.

**CE-X4.** Analizar as relacións entre os distintos contextos educativos do alumnado e deseñar estratexias de orientación e intervención orientadas a promover a súa articulación e complementariedade.

**CE-E6.** Coñecer, seleccionar, deseñar e aplicar estratexias e plans de información e orientación profesional para a transición ao mercado laboral e a empregabilidade.

**CE-P3.** Planificar, desenvolver ou avaliar un plan de intervención no ámbito da orientación educativa e o asesoramento psicopedagóxico.

**CE-M19.** Adquirir habilidades de comunicación, pensamento reflexivo e de mellora persoal e grupal.

#### **Grupo de discusión**

A partir da análise das opinións dos participantes no grupo de discusión, preséntanse as debilidades e as fortalezas respecto de consideracións previas sobre a formación inicial do orientador/a e respecto das competencias desenvoltas necesarias para a práctica.

*Consideracións sobre as competencias desenvoltas no programa de formación inicial necesarias para a práctica da Orientación:*

##### a) Estrutura:

###### ▪ Debilidades:

- Duración moi limitado para a realización do Máster (1 ano).
- Necesaria maior carga de Practicum.
- Excesiva “compartimentalización” das materias.
- Pouca eficacia das estruturas de coordinación.

###### ▪ Fortalezas:

- Evolución positiva da especialidade de Orientación Educativa.
- Existencia de estruturas de coordinación.

##### b) Contido:

###### ▪ Debilidades:

- Falta de adaptación dos contidos ao perfil de acceso do alumnado.
- Condensación de contidos debido á duración do Máster.
- Repetición de contidos.
- Escasa vinculación do Practicum co TFM.

##### c) Competencias:

###### ▪ Debilidades:

- Falta de adaptación das competencias ao perfil de acceso do alumnado.

- Modelo de materias establecido non demasiado adecuado para o modelo de formación por competencias.
- Número excesivo de competencias, o que implica pouca profundidade no desenvolvemento de competencias clave.
- Prácticas académicas: consideradas insuficientes para o dominio de determinadas competencias.
- Metodoloxía didáctica: non favorecedora do desenvolvemento de competencias.

##### d) Seguimento:

###### ▪ Debilidades:

- Propostas avaliadoras non adecuadas para a avaliação de competencias (probas teóricas...).
- Nivel escaso de seguimento da administración e dos tutores/as, especialmente no Practicum.

###### ▪ Fortalezas:

- Realización de procesos de avaliação interna e externa.

##### e) Preparación da carreira profesional:

###### ▪ Debilidades:

- Pouca carga de Practicum.
- Coñecemento dun número limitado de contextos profesionais.
- Enfoque excesivamente psicoloxicista da profesión.

###### ▪ Fortalezas:

- Valoración positiva do orientador/a nun enfoque comunitario da Orientación, máis aló do contexto escolar.
- Percepción do orientador/a como axente mediador e integrador co contexto e como organizador de oportunidades educativas.

*Consideracións sobre as competencias desenvoltas no programa de formación inicial necesarias para a práctica da Orientación:*

##### a) Debilidades:

- Escaso nivel de desenvolvemento de:
- Competencias socio-emocionais.
- Capacidad de traballar con colectivos e grupos diversos.
- Competencias vinculadas co diagnóstico e a avaliação.
- Necesidade de traballar no Practicum competencias ligadas coas actitudes, a confianza necesaria entre os implicados, a profesionalidade e a flexibilidade.
- Reducido desenvolvemento de competencias referidas ao traballo colaborativo.

##### b) Fortalezas:

- Partir dunha serie de competencias establecidas na normativa por tratarse dunha profesión regulada.
- Importancia de que as competencias para a práctica da formación de orientadores/as basculen ao redor de tres eixos: alumnado, ámbito educativo, ámbito laboral e toma de decisións. Poderíase incorporar un eixo máis: a comunidade.

Respecto á análise da transferencia dos coñecementos adquiridos no Máster ao contexto de traballo con vistas á inserción laboral, os participantes destacaron un nivel apropiado en relación co “*coñecemento e aplicación de recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional; que responda as necesidades presentes en cada contexto*”, excepto para o ámbito da titoría, xa que indican que non se tratan suficientemente contidos relacionados con recursos e estratexias de acción titorial.

Tamén consideraron que se desenvolven adecuadamente no Máster os contidos e as competencias vinculadas coa “*calidade dos Equipos e Departamentos de Orientación e criterios para a súa mellora. Estándares de calidad*”, así como co “*traballo directo cos estudantes de Secundaria para saber realizar unha avaliación das súas necesidades de información, intereses, competencias; tanto no ámbito educativo como laboral*”.

Non obstante, indican que o nivel de adquisición de competencias ligadas á “*convivencia e resolución pacífica de conflitos. Coñecer os procesos de interacción e saber abordalos de maneira eficiente*” e a súa posterior transferencia ao contexto profesional é o máis baixo, porque posúen coñecementos teóricos sobre os plans de convivencia ou o acoso escolar, por exemplo, pero teñen carencias no referido ao saber como actuar. Inciden en que as competencias socio-emocionais, a resolución de conflitos ou a mediación, escasamente se abordan, especialmente ao nível de asesoramento dos titores/as.

### Conclusións

A raíz dos resultados das análises realizadas, achégase a seguinte relación de conclusóns a modo de propostas de mellora:

- En xeral, sería preciso adecuar a Memoria do Máster á nova normativa, máis acorde cos actuais EEC (NICE, 2015).
- Adaptar o modelo de materias, as prácticas académicas, a metodoloxía didáctica ou a avaliación para adoptar un enfoque formativo baseado en competencias.
- Así mesmo, o desenvolvemento das competencias deberá ser realizado de maneira integrada en diferentes materias, incidindo nos compoñentes do “saber facer”, “saber estar” e “saber ser”, ademais do “saber” (Echeverría Samanes, 2005).
- Ampliar o período de Practicum e da experiencia formativa en centros, de maneira que favoreza o coñecemento de contextos profesionais diversos.
- Mellorar a coordinación entre o profesorado intra-módulo e inter-módulos, incluído o Practicum e TFM.
- Fomentar/potenciar a vinculación de Practicum e TFM.
- Avogar pola promulgación dunha nova lexislación de Orientación acorde coas necesidades actualmente existentes nos centros escolares (traballo cooperativo, prevención, detección e tratamiento de

determinados casos nos que existan necesidades específicas de apoio educativo, etc).

### Referencias

- Arulmani, G., Bakshi, A. J., Leong, F.T.L. e Watts, T. (Eds.) (2014). *Handbook of Career Development. International Perspectives*. New York: Springer.
- Athanasou, J. e Van Esbroeck, R. (2010). *International Handbook of Career Guidance*. Berlin: Springer.
- Callejo, J. (2001). *El grupo de discusión: Introducción a una práctica de investigación*. Barcelona: Ariel.
- Denzin, N. e Lincoln, Y. (2011). *The Handbook of Qualitative Research*. London: Sage Publications.
- Echeverría Samanes, B. (2005). *Competencia de acción de los profesionales de la orientación*. Madrid: ESIC Editorial.
- Gutiérrez Brito, J. (2008). *Dinámica del grupo de discusión*. Madrid: CIS.
- NICE (2012). *NICE Handbook for the Academic Training of Career Guidance and Counselling Professionals*. Heidelberg: University (Institute of Educational Science).
- NICE (2015). *European Competence Standards for the Academic Training of Career Professionals*. Recuperado de <http://larios.psy.unipd.it/it/wp-content/uploads/2015/11/NICE-Competence-Standard.pdf>
- Suárez Ortega, M. (2005). *El grupo de discusión: Una herramienta para la investigación cualitativa*. Barcelona: Laertes.
- Tojar, J. (2006). *Investigación cualitativa. Comprender y actuar*. Madrid: La Muralla.
- Universidade de Santiago de Compostela (2009). *Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria, Obligatoria y Bachillerato, Formación Profesional y Enseñanza de Idiomas por la Universidad de Santiago de Compostela*. Recuperado de [http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/propostas\\_master\\_09\\_10/P3241\\_PR\\_OFESORADO\\_ESO\\_BACHARELATO\\_FP\\_EI.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/propostas_master_09_10/P3241_PR_OFESORADO_ESO_BACHARELATO_FP_EI.pdf)
- Universidade de Santiago de Compostela (2012). *Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria, Obligatoria y Bachillerato, Formación Profesional y Enseñanza de Idiomas. Propuesta de modificación de la especialidad de Orientación Educativa* (non publicado).